

O que se publica para coñecemento dos interesados.

Monforte de Lemos, 24 de febreiro de 2012.- O Alcalde-Presidente, Severino Rodríguez Díaz

R. 0940

PORTOMARÍN

Anuncio

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcurrido o prazo de trinta días hábiles de información pública do acordó plenario do 29 de decembro de 2011, polo que se aproba inicialmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa para a recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos, sen que durante dito período se presentara reclamación alguna, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo coa redacción que de seguido se transcribe.

"Artigo 8º.3. O cobro das cotas efectuarase por trimestre, mediante recibo derivado da matrícula na Vila é os usuarios que dispoñan de servizo municipal de abastecemento de augas, e semestralmente no resto".

Portomarín 21 de febreiro de 2012.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 0941

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobado por Decreto da Alcaldía de data 29 de febreiro de 2012 o padrón correspondente ao servizo de axuda a domicilio do mes de febreiro de 2012, por medio do presente faise público que durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto na Secretaría deste Concello ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

O mesmo tempo establecece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Que unha vez esgotado procederase o seu cobro pola vía de constriximento.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde, polo prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ao público.

Ribas do Sil, 29 de febreiro de 2012.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega

R. 0977

SARRIA

Anuncio

Intentado, en reiteradas veces, a notificación a ÁLVARO DÍAZ S.L.U. en su repr. ÁLVARO DÍAZ CASTAÑO en Vigo Mosteiro, 27184 de Guntín, e non podéndose levar a cabo, no seu actual domicilio.

A continuación procédese a transcribir o contido da notificación ós efectos sinalados no art. 59 da Lei 30/1992 de 26 de Novembro de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común:

NOTIFICACIÓN

Recibido informe do Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (do que se xunta copia) sobre expediente en trámite para autorización de ANTEPROXECTO PARA INSTALACIÓN DE HOTEL DE 4 ESTRELAS E ÁREA DE SERVIZO en Betote, deste concello de Sarria, de conformidade coa Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, participaselle que co obxecto de continua-lo trámite do expediente, é necesario que no prazo de dez días, complete o expediente coa presentación da documentación sinalada:

"Acreditación da representación que se alega"